

CUESTIONARIO LECTURA CARTA SOBRE A TOLERANCIA JOHN LOCKE

1. **LÍMITES PODER AUTORIDADE CIVIL:** Correspóndelle ao Estado impoñer unha determinada fe entre a poboación?, deben ocuparse os poderes públicos das crenzas relixiosas que profesan os cidadáns?, resulta efectivo tratar de obrigar dende as institucións estatais a que os membros dunha comunidade política profesen unha particular confesión relixiosa utilizando a coerción da lei e incluso a sanción penal?, considera Locke que en asuntos de relixión son eficaces os recursos á forza, a imposición e o castigo?, cales son os límites da lei e dos poderes civís tanto en materia específica de relixión como en outros asuntos de carácter xeral?
2. **LÍMITES PODER AUTORIDADE ECLESIAÍSTICA-TOLERANCIA INTERNA:** Que dúas liberdades deben posuír os feligreses dunha congregación relixiosa?, en base a que rasgo propio das comunidades relixiosas xustifica Locke estas liberdades? Unha congregación relixiosa está obrigada a manter no seo da igrexa a aqueles membros que non se ateen á doutrina sobre a que se funda o seu credo?, deben as autoridades eclesiásticas practicar a tolerancia con aqueles membros da igrexa que manifestamente desobedecen os seus mandatos?, que medidas poderían adoptar?, que tipo de represalias non poderían tomar de ningunha maneira?, por que motivo?
3. **LIMITES PODER AUTORIDADE ECLESIAÍSTICA-TOLERANCIA EXTERNA:** Unha comunidade relixiosa maioritaria e con tradición nunha sociedade ten potestade sobre os membros doutras igrexas minoritarias?, pode obrigarlles a seguir o seu culto?, os mandamentos que rexen nunha particular congregación relixiosa son de obrigado cumprimento para o conxunto da sociedade?, que poden facer as autoridades eclesiásticas para estender o seu credo máis alá dos seus fieis?, de que actuacións se deben abster absolutamente?
4. **SEPARACIÓN IGREXA ESTADO:** Sinala algunhas diferenzas substanciais que distinguen ao poder espiritual da igrexa do poder temporal do Estado. Aqueles pensamentos, palabras ou accións que unha igrexa considera un pecado que ofende a deus deben ser castigados polo poder civil?, as manifestacións que ofenden aos membros dunha determinada comunidade relixiosa deben ser perseguidas penalmente? Como se denominan aquelas comunidades políticas nas que apenas existen diferenzas entre o Estado e a igrexa?, que características lles atribúe Locke?
5. **LIBERDADE RELIXIOSA-LIBERDADE DE CULTO:** Están lexitimados os poderes políticos do Estado para impoñer ou prohibir determinadas cerimoniais relixiosas aos fieis?, cales son os límites da tolerancia no ámbito do ritual relixioso?, que se debe tolerar e que resulta totalmente intolerable? Contesta en base aos argumentos e os exemplos aportados por Locke.
6. **LIBERDADE DE CONCIENCIA-LIBERDADE DE PENSAMENTO:** Por regra xeral, poden as autoridades políticas impoñer ou prohibir lexítimamente unhas determinadas crenzas relixiosas?, podería o goberno prohibir a difusión das doutrinas relixiosas que son manifestamente falsas?, ou calquera outra doutrina considerada contraria á verdade? Analicemos agora o que Locke denomina *opinións prácticas* das que se derivan unhas concretas *accións morais*: prevalece o mesmo criterio que no caso xeral das crenzas de fe? Por outra parte, a tolerancia das ideas ou opinións por parte dos poderes públicos tamén ten outros límites: sinala os tres tipos de doutrinas que baixo ningún concepto poden ser toleradas polo Estado e argumenta os motivos. En resumidas contas, que rasgo teñen en común este tipo de doutrinas para que haxa que ser intolerantes con elas?

NOTA: En cada un dos apartados dos que consta o cuestionario de lectura débese incorporar obrigatoriamente unha cita extraída do texto obxecto da proba. Ademais, todas as respostas deben ser debidamente argumentadas seguindo as explicacións de John Locke en *Carta sobre a tolerancia*.